

Outro futuro é posible: proxecto de centro, curso 2022/23

Utiliza a información que xuntamos para elabora un mapa conceptual sobre as causas, as características e as consecuencias da guerra civil, nomeadamente as modalidades de represión perpetradas nas retagardas e o exilio do bando republicano.

DA FRONTE POPULAR Á GUERRA CIVIL

O triunfo da Fronte Popular foi mal recibido polos sectores máis conservadores da sociedade, que se opoñían ao proceso democratizador e reformista iniciado polas forzas republicanas en 1931. Ao mesmo tempo, algúns sindicatos e grupos de esquerdas defenderon a conveniencia de impulsar un proceso de revolución social.

Neste contexto, os militares opostos á República (Emilio Mola, desde Navarra, Francisco Franco, desde Canarias, e José Sanjurjo, desde Portugal) estableceron contactos con grupos de extrema dereita (algúns monárquicos, tradicionalistas, falanxistas) para **organizar un golpe de Estado**.

As tensións políticas desencadearon un clima de **enfrentamento entre milicias de esquerdas e dereitas**. O 13 de xullo foi asasinado o deputado monárquico José Calvo Sotelo, en represalia pola morte do tenente José Castillo, militante socialista, abatido a tiros en Madrid.

Este clima de confrontación social serviulles de pretexto ás forzas contrarias á República para aceleraren os seus plans golpistas. O levantamento militar iniciouse o **17 de xullo** no norte de África (Melilla, Ceuta e Tetuán), e os **días 18 e 19 espallouse** a Canarias, Baleares e toda a Península.

A **insurrección fracasou**, sobre todo nas grandes cidades e zonas industriais, grazas á resistencia popular e dalgúns corpos policiais, e a que un sector do exército se mantivo leal á República.

O inicio da Guerra Civil

O fracaso do alzamento militar desencadeou unha guerra civil. O xeneral Queipo de Llano espallou a sublevación por Andalucía (Alxeciras, Cádiz, Sevilla), mentres que as tropas do xeneral Franco, polo suroeste, e as do xeneral Mola, polo norte, trataron de avanzar cara a Madrid, pero a capital resistiu o ataque.

O contexto internacional

O estalido da Guerra Civil non se pode entender sen enmarcalo **no contexto europeo da década de 1930**.

Naqueles anos, as democracias europeas víanse ameazadas polo ascenso do fascismo e polos movementos revolucionarios influídos pola Revolución soviética.

En consecuencia, a guerra de España foi o resultado da **polarización** entre un sector da dereita, que non admitía a democratización real do país, e outro da esquerda que aspiraba a un proceso revolucionario.



Cartel no que se caricaturizan os apoios de Franco.

DIVISIÓN DE ESPAÑA TRAS O GOLPE DE ESTADO



A Guerra Civil: os bandos enfrontados

A República en guerra

En xullo de 1936, o Goberno viuse desbordado ante o golpe militar. Azaña nomeou xefe de Goberno a José Giral coa esperanza de que puidese frear a sublevación. Ante a negativa dos golpistas de rematar a rebelión, Giral dissolveu o exército e deulles armas aos partidos e sindicatos da Fronte Popular, organizados en comités obreiros.

Numerosos sindicalistas da CNT-FAI e tamén da UGT aproveitaron o momento para levar a cabo un **proceso revolucionario**. Os comités obreiros repartiron terras, colectivizaron fábricas e exerceron unha forte represión sobre os sospeitosos de simpatizar cos sublevados (detencións, fusilamentos, queima de igrexas...).

En setembro de 1936, o socialista **Largo Caballero**, o líder obreiro máis aceptado polo conxunto das forzas de esquerda, formou un Goberno de republicanos, socialistas, comunistas e incluso anarquistas. Creouse o **Exército Popular** con axuda soviética e tratouse de lle poñer fin á represión exercida de forma incontrolada polos comités.

As derrotas militares aumentaron a división entre os partidos e sindicatos republicanos. O Goberno, co apoio da maioría dos partidos, consideraba prioritario concentrarse no **esfuerzo militar para gañar a guerra**, mentres que os grupos máis radicais defendían a prioridade de profundar na revolución social.

Ante as propostas gobernamentais de restrinxir o poder dos comités obreiros, anarquistas e trotskistas do POUM (Partido Obreiro de Unificación Marxista), defensores dun proceso revolucionario radical enfrontáronse ao Goberno en maio de 1937, pero foron derrotados.

O socialista **Juan Negrín** formou un Goberno no que contou coa axuda dos comunistas, cada vez máis fortes debido ao apoio soviético. Negrín expuxo unha proposta de paz, os chamados Trece Puntos, que foi rexeitada por Franco.

Os sublevados: A creación dunha ditadura

Na zona onde triunfara o golpe militar, o **exército** asumiu o poder. Todos os seus esforzos foron dirixidos a acadar a vitoria militar e a organizar un novo **Estado de inspiración fascista**, que anulase a lexislación reformista da República.

Tras algúns titubeos sobre a quen correspondía levar a iniciativa, a Xunta de Defensa Nacional –primeira institución do novo Estado– nomeou a **Francisco Franco xeneralísimo e xefe de Goberno** (tanto Sanjurjo como Mola morreron en accidentes de aviación).

En abril de 1937, Franco decretou a unificación de falanxistas e tradicionalistas nun partido único (FET e das JONS), e un ano despois creouse o primeiro Goberno en Burgos, capital provisional do novo Estado.

As principais medidas políticas do novo Goberno foron a prohibición de partidos e sindicatos, a excepción de FET e das JONS, a supresión da Constitución e dos estatutos de autonomía, a recuperación do catolicismo como relixión oficial do Estado e a anulación de todas as reformas republicanas.



Cartel de propaganda alusivo á formación do Goberno do socialista Largo Caballero.

Os Trece Puntos de Negrín

3. República democrática cun Goberno de plena autoridade.
4. Plebiscito para determinar a estruturaación xurídica e social da República.
5. Liberdades rexionais sen menoscabo da unidade española.
7. Garantía da propiedade lexítima e protección ao elemento produtor.
8. Democracia campesiña e liquidación da propiedade semifeudal.
9. Lexislación social que garante os dereitos do traballador.
11. Exército ao servizo da Nación, estando libre de tendencias e partidos.
12. Renuncia á guerra como instrumento de política nacional.
13. Ampla amnistía para os españois que queira reconstruír e engrandecer España.

30 de abril de 1938.

Os obxectivos dos sublevados

O Goberno resultante da insurrección ten que se constituír en sentido puramente apolítico, por militares (...). Inmediatamente haberá de procederse á revisión de canto se lexislou ata o día, especialmente en materia relixiosa e social. É necesario que cesen as actividades dos partidos políticos (...) e ir cara á estruturaación do país rexeitando o actual sistema liberal e parlamentario.

Carta do xeneral Sanjurjo, 11 de xullo de 1936.



Nacido en Ferrol no seo dunha familia de clase media vinculada á mariña, ingresou na academia de infantaría de Toledo. Destinado ao exército colonial do Protectorado de Marrocos, foi ascendido por méritos de guerra ao grao de comandante do Terzo de Estranxeiros ou Lexión. Participou no desembarco de Alhucemas (1925). Con 33 anos converteuse no xeneral máis novo de Europa.

O ditador Primo de Rivera encomendoulle a dirección da academia militar de Zaragoza en 1928 que tres anos despois foi clausurada pola república, o que lle causou un fondo enfado. O goberno de centro-dereita de Lerroux encargoulle a dirección da represión da folga revolucionaria de Asturias. Gil Robles nomeouno xefe do Estado Maior Central.

Tras o triunfo da Fronte Popular en febreiro de 1936, Azaña destituíuno na xefatura do Estado Maior e o goberno, coñecedor da conspiración militar, destinouno a Canarias.

Franco, que desconfiaba do réxime parlamentario, do liberalismo e da democracia, sumouse a última hora á conspiración preparada polo xeneral Mola. Tras proclamar en Canarias o estado de guerra, trasladouse nun avión, o «Dragón Rapide», a Tetuán e autoproclamouse xefe supremo das forzas do Protectorado de Marrocos. Estableceu rápidos contactos con Hitler e Mussolini para a adquisición de avións e material de guerra.

O 29 de setembro, a Xunta de Defensa de Burgos designouno xeneralísimo dos exércitos de terra, mar e aire, e o 1 de outubro, «xefe do goberno do Estado español». Co poder militar e político supremo iniciou o camiño cara á implantación dunha férrea ditadura.

5 A España «nacional»

Os militares sublevados esperaban unha toma do poder inmediata, pero a resistencia do réxime republicano obrigounos a reconsiderar a situación e tiveron que actuar desde a base de que se enfrontaban a unha longa guerra civil.

5.1. Os primeiros momentos tras a sublevación

Tras o fracaso parcial da sublevación militar contra a república, nos territorios baixo o poder dos militares rebeldes xurdiu a necesidade de crear un órgano provisional de goberno que coordinase as operacións militares. Como as forzas políticas que apoiaron o alzamento, a dereita católica (CEDA), a extrema dereita monárquica, os carlistas e a Falange carecían dun proxecto político unitario, **o exército converteuse no pilar básico na formación do novo Estado.**

Así, poucos días despois da morte en accidente de aviación do xeneral Sanjurjo, que debía encabezar a sublevación, o 24 de xullo de 1936 **constituíuse en Burgos unha Xunta de Defensa Nacional**, integrada só por militares e presidida polo **xeneral Cabanellas.**

Esta xunta proclamou o estado de guerra e a xustiza quedou baixo o control militar; destituíu a todos os gobernadores civís e estableceu o cargo de gobernador militar; suprimiu todos os partidos políticos da Fronte Popular e prohibiu toda actividade política e sindical sexa cal fose o seu signo ideolóxico; paralizou a reforma agraria, desmantelou o Instituto de Reforma Agraria e restituíulles as terras aos seus antigos propietarios; e restableceu a bandeira nacional (vermella e gualda) como bandeira de España, no canto da tricolor, símbolo da España republicana.

O terror branco

Desde o primeiro momento, **os militares sublevados practicaron unha brutal, sistemática e selectiva represión** que tamén adoptou a forma de «sacas» e «paseos». Os seus obxectivos eran sementar o terror para eliminar toda resistencia e aniquilar fisicamente aos seus inimigos políticos e ideolóxicos. As primeiras vítimas foron os seus propios compañeiros de armas, e membros das forzas da orde pública que se negaron a secundar a rebelión e foron inmediatamente fusilados. E, a continuación, gobernadores civís, alcaldes, concelleiros e dirixentes dos partidos políticos e das organizacións sindicais da Fronte Popular. Todos eles foron metidos no cárcere, torturados e fusilados, a maioría sen xuízo previo ou mediante xuízos sumarísimos presididos por tribunais militares. En todo caso, sen ningunhas garantías legais.

A medida que se produciu o avance e a conquista de territorios, houbo masacres de milicianos, militantes de organizacións de esquerda e de civís republicanos, como sucedeu en Sevilla, Badaxoz ou Málaga. Por exemplo, tras a toma de Málaga foron fusiladas 3.500 persoas sen xuízo previo.

Na retagarda das zonas ocupadas, a represión foi levada cabo polas autoridades militares, aínda que en moitas ocasións a deixaban nas mans das **milicias de requetés e, sobre todo, de grupos de mozos falanxistas.** Entre finais de xullo e setembro de 1936, a maior parte das autoridades políticas e dirixentes dos partidos da Fronte Popular, intelectuais, profesionais e funcionarios, principalmente mestres, foron asasinados polo procedemento das «sacas» e «paseos».

9.3. Violencia e represión

O estoupido da guerra foi seguido dunha vaga de violencia que se estendeu por todo o país.

No bando republicano, a guerra desencadeou unha situación caótica, na que a ira e o odio provocado pola sublevación levou a grupos extremistas a asasinar a membros do clero, dirixentes da dereita, empresarios e familias acomodadas ou das que se sospeitaba o seu apoio á sublevación.

No lado franquista, a violencia aplicouse sobre dirixentes da Fronte Popular, simpatizantes de esquerda, traballadores e milicianos.

En ambos os casos, a represión foi extremadamente violenta. Porén, as cifras de vítimas son moi diferentes. Mentres na retagarda republicana se contabilizaron uns 38.000 asasinatos, no lado franquista documentáronse polo menos 140.000.

A diferenza explícase por dúas razóns:

- **No lado republicano a violencia foi espontánea e durou pouco tempo**, porque a partir de finais do 1936 o goberno conseguiu recuperar o control, de forma que en adiante apenas se produciron crimes.
- **No lado franquista, pola contra, a represión contou co apoio das autoridades, e non só se estendeu durante toda a guerra, senón que continuou na posguerra** con xuízos sen garantías, fusilamentos e execucións nos cárceres.

CONSECUENCIAS DEMOGRÁFICAS E SOCIAIS DA GUERRA E A POSGUERRA

Mortes en combate	90.000
Mortes de civís por disparos de artillería e bombardeos	10.000
Mortes durante a guerra por fame ou enfermidades	50.000
Asasinatos e represalias en zona republicana	38.000-40.000 ¹
Asasinatos, execucións e represalias en zona franquista e despois da guerra	136.000-152.000 ¹
Mortes en prisión tras a guerra	50.000
Mortes por fame e enfermidade na posguerra	120.000
Nenos arrebatados ás súas familias polo réxime franquista para a súa «reeducación»	30.960 ²
Exiliados	450.000

¹ Datos aportados polo informe pericial encargado polo Xulgado n.º 5 da Audiencia Nacional, de xaneiro de 2009. (Ainda son datos aproximados, xa que a cifra real pode aproximarse ás 200.000 vítimas).

² Datos do Ministerio de Xustiza para o período 1944-1954, a través do padroado de San Pablo).

¿SABÍAS QUE...?

O exilio republicano

Outra consecuencia dramática da guerra foi o **exilio republicano**. Nas semanas finais da guerra, calcúlase que **uns 450.000 republicanos abandonaron o país**, a través da fronteira francesa e mediante os barcos que saíron dos portos do Mediterráneo.

Na súa maioría, eran dirixentes políticos, militares e persoas que se identificaran coa República, e que temían as represalias tras a vitoria franquista. Moitos deles foron recluídos en condicións terribles, en pleno inverno, en campos de concentración improvisados en Francia.

Nos meses seguintes, **moitos deles optaron por trasladarse a América**, onde algúns gobernos, coma o de México ou Venezuela, acolleron a grandes cantidades de exiliados. Outros **moitos permaneceron en Francia**, e cando os nazis ocuparon o país, algúns pasaron a incorporarse ás guerrillas da Resistencia. Tamén foron moitos os que optaron por trasladarse á **URSS**, que tamén abriu as súas portas aos refuxiados, entre outros a moitos nenos enviados durante o conflito (**os nenos da guerra**).

Moitos deles morreron no exilio. Os demais só puideron regresar tras a morte de Franco, en 1975.

ACTIVIDADES

- 30 ¿Por que motivos se formou o Comité de Non Intervención? ¿Que países o integraron? ¿Cales cumpriron o acordado, e cales non?
- 31 ¿Que axuda estranxeira recibiu cada un dos bandos? ¿Cal saíu máis beneficiado?
- 32 ¿Sobre que colectivos caeu a represión en cada un dos bandos? ¿Que diferenzas houbo entre a represión na retagarda republicana e na zona sublevada?

A REVOLUCIÓN SOCIAL NO BANDO REPUBLICANO

A República contaba co apoio de amplos sectores da poboación de características ideolóxicas diversas: republicanos moderados, reformistas, socialistas, nacionalistas de esquerda, comunistas e anarquistas. Todos defendían a legalidade republicana e a necesidade de cambios sociais e económicos.

Pero o sector máis radical da esquerda, cuxa actuación nas primeiras semanas da guerra impediu o triunfo do golpe militar en moitas zonas de España, quixo aproveitar a súa forza para impulsar unha revolución social. A discusión entre a prioridade bélica ou a necesidade de afondar no proceso revolucionario provocou, como vimos, numerosos enfrontamentos entre os leais á República.

Guerra e revolución

A guerra que facemos actualmente serve para esmagar o inimigo na fronte, pero é este o único inimigo? Non. O inimigo é tamén aquel que se opón ás conquistas revolucionarias e que se atopa entre nós, e ao que esmagaremos igualmente. (...)

Discurso do líder anarquista Buenaventura Durruti, novembro de 1936.

OS MILICIANOS

O termo "miliciano" designa as forzas civís voluntarias que, organizadas por sindicatos ou partidos, participaron na guerra ao carón da República.

No primeiro ano, mantivéronse **á marxe da autoridade do propio Goberno** e entraron en conflito con algunhas das decisións gobernamentais. En 1937, todas as milicias quedaron integradas no Exército Popular, a pesar da resistencia anarquista.

Milicianos na fronte de Aragón.



A COLECTIVIZACIÓN DA ECONOMÍA

Os sectores máis radicais do bando republicano impuxeron a partir de 1936 a colectivización da produción e a supresión da propiedade privada. Tamén no campo se formaron comunas autoxestionadas de campesiños.



UN NOVO PAPEL DAS MULLERES

No bando republicano, e especialmente entre as organizacións máis revolucionarias, defendéronse os dereitos femininos e a incorporación das mulleres aos ámbitos social e laboral en pé de igualdade cos homes.

Nos primeiros meses da guerra permitiúselles o alistamento como milicianas, e a súa incorporación nas industrias de guerra foi moi importante durante o conflito.



Muller traballando na industria de guerra.

A colectivización da industria

Faise, xa que logo, necesario organizar a produción, orientala no sentido que o único beneficiario debe ser a colectividade, o traballador (...). O principio da organización económico-social da grande industria ha de ser a produción colectivizada. A substitución da propiedade individual pola colectividade concébea o Consell da Generalitat, colectivizando os bens das grandes empresas, isto é, o capital, e deixando subsistir a pequena propiedade privada dos bens de consumo e da pequena industria.

Decreto sobre colectivización da Generalitat de Catalunya, outubro de 1936.

B PERSECUCIÓN E REPRESIÓN

Os combates da Guerra Civil deixaron numerosos mortos e feridos. Ademais de nos campos de batalla, en ambos os dous bandos exerceuse a violencia, contra a poboación civil, como vinganza do adversario por motivos políticos ou persoais.

Na **zona republicana** a represión manifestouse de forma violenta e incontrolada nos primeiros meses da guerra, cando as patrullas obreiras detiveron ou asasinaron numerosos partidarios dos golpistas. Coa chegada ao poder de Negrín, esta violencia incontrolada foi practicamente erradicada.

Na **zona franquista** institucionalizouse a persecución sistemática (detencións, encarceramentos, depuracións e fusilamentos) dos dirixentes e militantes dos partidos e sindicatos de esquerdas. Esta represión foi levada a cabo co consentimento dos grupos políticos que apoiaban o alzamento, e o seu obxectivo era atemorizar a poboación e impedir calquera oposición.

C AS CONSECUENCIAS DA GUERRA

A Guerra Civil deixou un impacto de longo alcance na sociedade española visible en catro aspectos:

- **Demográficos:** Ás vítimas nos campos de batalla hai que unir as da poboación civil e o elevado número de **exiliados** ao rematar o conflito.
- **Económicos:** A destrución de infraestruturas durante os combates foi moi importante e resultaron moi custosas de reconstruír. A produción agraria e industrial tamén se viu moi diminuída.
- **Políticos:** Significou a destrución da democracia e a imposición dunha ditadura militar que privou os españois e as españolas dos seus dereitos e liberdades durante case 40 anos.
- **Sociais:** A **división entre vencedores e vencidos** mantívose durante todo o réxime de Franco, quen se opuxo sempre a calquera política de reconciliación.

"Paseos" ou "sacas"

O descontrol inicial no bando republicano deu lugar a numerosos "paseos" ou "sacas", nos que detidos ou prisioneiros eran levados ás aforas de vilas e cidades, onde eran fusilados por algún dos numerosos grupos armados existentes (milicias de partidos ou sindicatos).

Destruír o inimigo

Terase en conta que a acción ha de ser en extremo violenta para reducir o antes posible un inimigo forte e ben organizado. Desde logo, serán encarcerados todos os dirixentes dos partidos políticos, sociedades ou sindicatos non afectos ao movemento, aplicándoselles castigos exemplares a ditos individuos para estrangular os movementos de rebeldía ou folga.

Circular do xeneral Mola aos seus subordinados, xullo de 1936.



► Republicanos españois cruzando a fronteira cara a Francia.

VÍTIMAS DURANTE A GUERRA

	Republicanos	Franquistas
Mortos en combate	90 000	60 000
Vítimas da represión	78 000*	51 000
Mortos por bombardeos	11 000	1 000
Mortos por penalidades	60 000	30 000

* Non se contabiliza a represión de posguerra, posterior a 1939.

6 As consecuencias da guerra civil

6.1. Consecuencias humanas: morte, represión e exilio

Déronse cifras moi dispares sobre as perdas demográficas que causou o conflito: os mortos na fronte, pola represión na guerra e na posguerra, pola fame e as epidemias; o exilio, e a perda de poboación nova e a conseguinte redución da natalidade.

Desterrado o tópico do millón de mortos, os cálculos máis aceptados estiman nuns **500.000 ou 600.000 os mortos na guerra**. Deles uns 160.000 morreron en combate, uns 150.000 vítimas da represión, delas case 100.000 na zona sublevada e uns 60.000 na republicana, e o resto faleceron a consecuencia de enfermidades e privacións tanto durante a guerra coma na posguerra. A eles engádense os mortos pola represión franquista desde 1939 ata 1943, entre 30.000 e 50.000 persoas entre fusilamentos, «paseos» e consellos de guerra sumarísimos.

Outra das consecuencias da guerra civil foi o **exilio republicano**. Xa durante a guerra, desde a caída do País Vasco, houbo unha primeira vaga de exiliados que fuxían da ameaza das represalias dos militares sublevados, entre eles os chamados «**nenos da guerra**», que foron evacuados a países estranxeiros. Pero a gran vaga produciuse entre febreiro e marzo de 1939 coa caída de Cataluña. Uns 450.000 republicanos, nun primeiro momento mulleres, nenos, anciáns, enfermos e despois os soldados, cruzaron a fronteira francesa. A mediados de marzo xa había en Francia 500.000 refuxiados, deles 180.000 soldados. Os homes foron internados en campos de concentración en arrasadas praias do sudeste de Francia, en condicións moi penosas e, acotío, tratados como delinquentes, e os demais dispersados por toda Francia en centros de acollida.

A finais de marzo de 1939, como resultado das negociacións entre o goberno francés e Franco, **regresaron case a metade**. O resto permaneceu, na súa maioría, no exilio permanente en **Francia**, e un numeroso grupo de exiliados foron acollidos en diversos países de **América Latina**. México, o país americano que máis axuda lle prestar á república, foi o que ofreceu a hospitalidade máis xenerosa. Uns 22.000 exiliados, na súa maioría dirixentes políticos da Fronte Popular, intelectuais e profesionais (avogados, médicos, enxeñeiros, mestres) instaláronse nese país.

6.2. Consecuencias económicas

A guerra civil tivo uns efectos económicos desastrosos e deixou ao país exhausto.

As destrucións foron moi considerables nos sectores máis directamente relacionados coas operacións militares, as comunicacións: **ferrocarrís, estradas e mariña mercante**. Aproximadamente quedaron destruídos o 42 % das locomotoras, o 40 % dos vagóns de mercadorías e o 71 % dos coches de pasaxeiros. As comunicacións por estrada fixéronse difíciles debido á falta de conservación e á sistemática destrución das pontes. A mariña mercante reduciu nun terzo a súa tonelaxe.

Aínda que se perdeu unha parte da maquinaria e dos útiles da industria, non houbo grandes destrucións de fábricas. En Bilbao, Barcelona, Valencia e Sevilla, a maior parte das instalacións industriais quedaron nun estado practicamente intacto. Polo contrario, unhas **500.000 vivendas foron total ou parcialmente destruídas** ► (Docs. 23 e 24).

A **producción industrial** descendeu nun terzo pola falta de materias primas e de enerxía, e a **agrícola**, nunha cuarta parte debido á marcha dos homes á fronte, a falta de fertilizantes, sementes e animais de tiro. Perdéronse máis dun millón de cabalos e mulos nun país onde aínda eran esenciais para a agricultura e o transporte local. A cabana gandeira (da la, vacún e porcino) reduciuse entre un terzo e a metade.

Ademais caeu o investimento, o comercio exterior e o consumo privado, e a construción de vivendas privadas e de obras públicas paralizouse. Actualmente calcúlase que **o nivel medio de renda se reduciu nun 28%**.

A **Facenda pública estaba arruinada** e sen reservas financeiras e a **inflación** multiplicou por dez os prezos nos anos seguintes.

6.3. Efectos culturais

A guerra constituíu tamén unha catástrofe cultural. A maioría dos intelectuais manifestáronse en apoio á república e tiveron que exiliarse, co que o país perdeu gran parte dos escritores, artistas e profesionais. Destacaron os casos dos escritores Juan Ramón Jiménez, Antonio Machado, Rafael Alberti, León Felipe, Jorge Guillén, Pedro Salinas, Luís Cernuda e Ramón J. Sender; os historiadores Salvador de Madariaga, Claudio Sánchez Albornoz e Américo Castro; os artistas Pablo Picasso, Joan Miró e Luís Buñuel, e os músicos Rodolfo Halffter e Pau Casals.

Tamén a España sublevada foi apoiada por intelectuais como Eugenio D'Ors, Luís Rosales, Dionisio Ridruejo, Pedro Laín Entralgo, Manuel Machado, Antonio Tovar ou Salvador Dalí. Miguel de Unamuno apoiou nun primeiro momento a sublevación, que identificaba coa civilización occidental, pero despois repudiouna e sufriu arresto domiciliario ► (Doc. 25).

Outros, como Ramón Pérez de Ayala, Gregorio Marañón e José Ortega y Gasset, incómodos ante a intolerancia e a represión nos dous bandos, exiliáronse temporalmente e terminaron por aceptar a ditadura de Franco como un mal menor. Esa foi tamén a postura de Pío Baroja.

Non moitos intelectuais morreron na guerra ou vítimas da represión dun ou outro bando. Os casos máis notorios foron os Federico García Lorca, fusilado polo bando franquista, ou Miguel Hernández, que morreu no cárcere de Alacant en 1942, e Ramiro de Maeztu, que foi unha das vítimas das «sacas» do cárcere Modelo de Madrid.

Ademais, o triunfo dos sublevados varreu case por completo o impulso da cultura catalá e da literatura galega.